

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Sinale cal dos seguintes non é un dereito sanitario recolleito na Lei de Saúde de Galicia:

- A) O dereito de toda muller a que se lle facilite o acceso ao proceso do parto a aquela persoa designada por ela para o efecto.
- B) O dereito a unha segunda opinión médica co obxectivo de fortalecer a relación médico-paciente e complementar as posibilidades da atención sanitaria.
- C) O dereito á confidencialidade da información do seu xenoma e que este non poida ser utilizado para ningunha forma de discriminación.
- D) Todas as respostas son correctas.

2. O artigo 19 da Constitución española establece que os españois teñen dereito a entrar e saír libremente de España:

- A) Nos termos que a lei estableza, podendo establecerse limitacións por motivos políticos.
- B) Sen ningún tipo de restrición.
- C) Nos termos que a lei estableza, sen que poida limitarse este dereito por motivos políticos ou ideolóxicos.
- D) Nos termos que a propia Constitución establece.

3. De acordo co establecido no artigo 1.2 da Lei Xeral de Sanidade, son titulares do dereito á protección da saúde e á atención sanitaria:

- A) Todos os españois e os cidadáns estranxeiros que teñan establecida a súa residencia no territorio nacional.
- B) Todos os españois que teñan establecida a súa residencia no territorio nacional.
- C) Todos os españois e os cidadáns estranxeiros que residan polo menos 10 meses ao ano en territorio nacional.
- D) Ningunha opción é correcta.

4. De acordo con a Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, o incumprimento das normas sobre incompatibilidades, cando supoña o mantemento dunha situación de incompatibilidade está tipificado:

- A) Como falta grave
- B) Como falta moi grave.
- C) Como falta moi grave se a situación se mantén por un prazo superior a un ano.
- D) Como falta moi grave se a situación se mantén por un prazo superior a dous anos.

5. De acordo con o artigo 8 da Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes:

- A) O titular do dereito á información é o paciente. Tamén serán informadas as persoas vinculadas a el, por razóns familiares ou de feito, na medida en que o paciente o permita de forma expresa ou tácita.
- B) O titular do dereito á información é o paciente e as persoas vinculadas a el por razóns familiares ou de feito.
- C) O titular do dereito á información é o paciente. Tamén serán informadas as persoas vinculadas a el, por razóns familiares ou de feito, na medida en que o paciente o permita de forma expresa.
- D) Ningunha resposta é correcta.

6. O artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia establece que:

- A) Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de coñecelos e usalos.
- B) O idioma oficial de Galicia é o galego e todos teñen o deber de utilizalo.
- C) Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito e o deber de coñecelos.
- D) Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o deber de coñecelos.

7. De acordo co artigo 17 da Lei 55/2003, de 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, o persoal estatutario dos servizos de saúde ostenta os seguintes dereitos:

- A) A estabilidade no emprego e o exercicio ou desempeño efectivo da profesión ou funcións que correspondan ao seu nomeamento.
- B) Á mobilidade voluntaria, promoción interna e desenvolvemento profesional, na forma en que prevexan as disposicións en cada caso aplicables.
- C) Á acción social nos termos e ámbitos subxectivos que se determinen nas normas, acordos ou convenios aplicables.
- D) Todas as respostas son correctas.

8. De acordo con o artigo 9 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, a función da vixilancia e control da normativa sobre prevención de riscos laborais corresponde a:

- A) A Inspección de Traballo e Seguridade Social.
- B) O Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo.
- C) A Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo.
- D) Ningunha das anteriores.

9. De acordo coa Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, a selección do persoal estatutario fixo efectuarase:

- A) Sempre a través do sistema de concurso–oposición.
- B) Con carácter xeral, a través do sistema de concurso–oposición.
- C) Con carácter xeral, a través do sistema de concurso.
- D) Sempre a través do sistema de oposición.

10. De acordo con o artigo 43.3 da Constitución española:

- A) Os poderes públicos regularán a utilización do lecer de acordo con as leis.
- B) Os poderes públicos fomentarán a adecuada utilización do lecer.
- C) Os poderes públicos establecerán as bases para a utilización do lecer.
- D) Na Constitución española non se fai referencia algunha ao lecer.

1. De acordo coa Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, a provisión de prazas do persoal estatutario rexerese polos seguintes principios básicos:

- A) Igualdade, mérito, capacidade e publicidade na selección, promoción e mobilidade do persoal dos servizos de saúde.
- B) Planificación eficiente das necesidades de recursos e programación periódica das convocatorias.
- C) Integración no réxime organizativo e funcional do servizo de saúde e das súas institucións e centros.
- D) Todas as respostas son correctas.

2. De acordo con o artigo 94 da Lei de saúde de Galicia, é función do Servizo Galego de Saúde:

- A) A prestación directa de asistencia sanitaria nos seus propios centros, servizos e establecementos ou nos adscritos ao servizo.
- B) A promoción da docencia e investigación en ciencias da saúde no ámbito dos centros, servizos e establecementos sanitarios asistenciais.
- C) A xestión das prestacións farmacéuticas e complementarias que corresponda no ámbito das súas competencias.
- D) Todas as anteriores o son.